
ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE O SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO E LIMPEZA VIARIA E AS DEMANDAS DO COMITÉ DE EMPRESA DE URBASER

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta o seguinte ROGO ao Pleno da Corporación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 4 de maio, Compostela Aberta, xunto cos outros grupos da oposición, mantivo un encontro co Comité de Empresa de URBASER a petición do mesmo.

Nesa xuntanza, os representantes do persoal trasladaron unha serie de incidencias entre as que destacaron a ausencia de cobertura das baixas ou a non renovación de contrato de determinados traballadores provenientes da bolsa de traballo. Segundo denunciaron, a falta de persoal está a provocar que non se atendan os servizos precisos coas brigadas de limpeza, agás no barrio de Fontiñas, e que a limpeza sexa irregular fóra do casco urbano. Tamén se referirn á falta de reforzo na limpeza viaria para atender o volume de traballo provocado polo Xacobeo.

Ademais, recentemente o Comité de empresa de URBASER SANTIAGO convocou unha manifestación, á que asistiron practicamente todas as persoas contratadas, polo seguinte motivo:

Incumprimento por parte da empresa dos acordos acadados con este Comité en anos anteriores sobre a renovación do persoal eventual, afectando á estabilidade no emprego, entendendo pola nosa parte que hai dous despedimentos en represalia ás negociacións actuais do noso convenio colectivo.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal de Compostela Aberta **SOLICITA:**

- **Que o Concello medie coa empresa para atender as demandas do Comité de Empresa e actúe de oficio para comprobar se existen incumprimento contractual por parte da empresa e obre en consecuencia**

Santiago de Compostela, 20 de Maio de 2021

Xan Duro Fernández
Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta



Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO